



AFA LIMIAR

Asociación de familias do Alumnado do **CEIP Manuel Sueiro** - Ourense

Ola a todas as familias:

A AFA Limiar do Manuel Sueiro queremos convidarvos á festa de fin de curso que se celebrará o vindeiro martes día 20 de Xuño no centro a partir das 16:00 horas.

Gustaríanos convidarvos a **colaborar aportando algo de merenda para compartir**: froita, doces caseiros, bocadillos ou o que vos apeteza (evitando snacks, chucherías e bebidas azucaradas) Temos a sorte de ser un centro multicultural e estaría xenial poder probar **comidas doutros lugares do mundo**.

En canto á bebida, pedimos que cada nena e cada neno leve a súa propia botelliña de auga, así aforramos plástico e coidamos do noso planeta.

Na festa haberá as seguintes actividades:

- 16:00- 16:15: **Actuacións de Teatro e Danza (aula de psicomotricidade).**
- 16:30-17:30: **Xogos tradicionais (polideportivo).**
- 17:30- 18:00: **Merenda comunitaria.**
- 18:00: **sorteos, música e festa da auga (se o tempo o permite).**

En canto a organización das rifas e da festa da auga, comunicarémovolo na maior brevidade posible.

Tamén necesitaremos axuda para carrexar os xogos tradicionais, dende a Plaza Daniel González ata o centro.



Seguiremos informando....

RECORDADE:

Podedes convidar a xente que non sexa do Cole !!!

Un saúdo,

A AFA LIMIAR DO CEIP MANUEL SUEIRO